



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL DIRIXIDA Á PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO CONCELLO DE BETANZOS DURANTE O ANO 2026.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS Á PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO CONCELLO DE BETANZOS DURANTE O ANO 2026

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Betanzos, convócanse as presentes axudas na área de Festas e Eventos, para o exercicio 2026.

1.- FINALIDADE E OBXECTO.

O Concello de Betanzos quere, pola presente convocatoria, establecer o procedemento e criterios para a concesión de subvencións no ámbito do termo municipal de Betanzos para a “Organización de festas parroquiais” ou populares en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de obxectividade, igualdade de concorrência e publicidade.

A convocatoria vai dirixida a fomentar a labor das entidades culturais e veciñais así coma das comisións de festas para contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios, en relación ao impulso da participación activa da cidadanía para celebrar e conservar as festas parroquiais de maior tradición e arraigo, xurdidas da iniciativa popular e que forman parte da nosa identidade e memoria colectivas.

A través da concellería delegada en festas e eventos propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

- a existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do concello de Betanzos, programada e desenvolvida polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver como na súa posta en práctica e no seu financiamento.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- a participación activa da veciñanza nas festas como medio de propiciar a convivencia entre veciños.
- a preservación de tradicións existentes nas distintas parroquias do concello, transmitidas a través dos festexos populares.
- a difusión da imaxe de Betanzos a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias nas que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara os vindeiros exercicios.

Destinaranse 10.000,00 euros ás subvencións para a organización de festas parroquiais con cargo á aplicación orzamentaria 338/489.00.

O período para realizar actividades subvencionables é do 6 de decembro de 2025 ao 5 de decembro de 2026.

2.- RÉXIME XURÍDICO.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.-
- Bases de execución do orzamento para o ano 2026.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos, publicada no BOP número 22 de 2 de febreiro de 2022.
- Ordenanza para o impulso da lingua galega do Concello de Betanzos aprobada no BOP número 240 de 21 de decembro de 2016.

3.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar estas subvencións as entidades xuridicamente constituídas ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria, sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e coa documentación actualizada.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Betanzos ou sobre temas de interese para o Concello.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida, na convocatoria anterior, polo Concello de Betanzos, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido , ou xustificado a non presentación, se o proceso está rematado.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións nin dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- No caso de asociacións: estar inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Betanzos con data anterior ao inicio do prazo de presentación das solicitudes.
- As actividades para as que se solicita a axuda deberán estar abertas a todos os cidadáns, realizarse en espazos accesibles e de uso público ou veciñal e ter entrada libre e gratuíta. Deben contar ademais coa correspondente autorización municipal.
- Exclúense desta convocatoria as organizadas por particulares, entidades con ánimo de lucro ou as destinadas unicamente a socios ou a un colectivo particular.
- Unha mesma festa so será subvencionada a través dunha única comisión/entidade.
- A celebración de festas debe contar coa comunicación previa realizada ao Concello de Betanzos.

4.- CONDICIÓN E OBRIGAS.

- A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva.
- Estas subvencións son incompatibles con outras axudas ou financiación recibida por parte do Concello de Betanzos.
- As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración e patrocinio prestado polo Concello de Betanzos en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades subvencionados e na súa páxina web).
- Será condición indispensable acreditar a disposición dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra a actividade subvencionada.
- Con carácter xeral a subvención solicitada nunca superará o 80% do orzamento de gastos presentado.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada.
- Xustificar ante o órgano concedente ou Entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a Entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano concedente ou á Entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, en todo caso, poderase acreditar ao Concello a obter devanditos datos.
- Dar a axeitada publicidade de carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan con subvención do Concello de Betanzos, coa expresión “colabora o Concello de Betanzos” ou de maneira visible o escudo e lenda “Concello de Betanzos”.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, nos termos esixidos pola Lexislación mercantil e sectorial, aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Xustificar o gasto realizado de acordo co previsto nas presentes bases.
- Se se estivese en curso dalgunha das causas de reintegro, deberase proceder ao reintegro da contía recibida.

5.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes, formularanse no modelo que figura como anexo desta convocatoria e presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal. (sede.betanzos.gal).

Os anexos necesarios para completar a solicitude desta axuda estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (sede.betanzos.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria.

O texto da convocatoria e a información requirida será incluída de maneira previa na Base de Datos Nacional de Subvenciones. A BDNS dará traslado ao BOP de A Coruña o extracto da convocatoria para a súa publicación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de quince días hábiles.

Cando o órgano instructor reciba algunha solicitude incompleta, requirirá as entidades solicitantes dando un prazo de 10 días hábiles que contará dende o día seguinte ao da



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

notificación do requirimento (artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se a entidade requirida non respondese ao requirimento de emenda, entenderase que desiste da súa solicitude.

Achegarase á solicitude a seguinte documentación:

5.1.- Documentación xeral da entidade.

Presentación do modelo normalizado que será asinado polo seu presidente ou por quen teña conferida a delegación, que debe incluír os puntos seguintes:

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade e do NIF do representante.
- Certificado expedido polo Secretario/a da entidade, acreditativo do acordo adoptado polo órgano de Goberno, polo cal se decide solicitar a subvención.
- Declaración de que é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Certificados de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e co Concello ou autorización para obter a información, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes, o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello de Betanzos. Ou declaración de que non está obrigada a presentar declaracións ou documentos a que se refire o artigo 22 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións respecto das obrigas Tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración formal das subvencións, axudas, ingresos ou recursos, de carácter público ou privado para esa mesma actividade, percibidos ou solicitados pendentes de resolución, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ao Concello de Betanzos a concesión de calquera outra axuda de entes públicos ou privados solicitada ou percibida con posterioridade á presentación desta solicitude.
- Declaración responsable do representante de que a entidade non está incurso en



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ni dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria. E que está ao corrente n o cumprimento das obrigas de reintegro do artigo artigo 25 do Regulamento que desenvolven a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, a certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, o acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

- No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.

- Certificado de conta bancaria.

- Acreditación da representación

- No caso de que a documentación sexa enviada por unha persoa diferente da anterior será necesario que mande a correspondente autorización.

- Acreditación da disposición dun seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade subvencionada.

5.2.- Documentación específica da subvención en función da tipoloxía da entidade.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- a. Anexo de solicitude da sede electrónica (sede.betanzos.gal).
- b. Memoria de actividades para as que se solicita a axuda.
- c. Declaracións responsables (que inclúe o certificado de acordo da entidade para solicitar a axuda e a designación da persoa representante).

As entidades solicitantes presentarán unha declaración responsable, seguindo directamente o esquema de valoración das solicitudes indicado na base específica 7 que conterá os seguintes aspectos:

- Detalle desagregado do número de sesións vermú, verbenas (tarde/noite), nº de grupos/orquestas de 5 ou menos compoñentes, nº de orquestas de 6 ou máis compoñentes, días de programación festiva, nº de actividades tradicionais, nº de actividades para maiores, nº de actividades dirixidas ao público infantil e xuvenil, nº de actividades con contidos culturais.
- Orzamento total da festa.
- Nº de edición.
- Composición da xunta directiva.

5.3 .- Documentación xustificativa da subvención.

Deberá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións na sede do Concello de Betanzos e debidamente notificado por medios electrónicos. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 23 de decembro de 2026, sin prexuízo de poder ampliar o prazo nos casos en que se xustifique motivadamente. O defecto, erro ou ausencia de documentación na presentación da documentación deberase solucionar no prazo de dez días hábiles dende a recepción do requirimento.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

No caso contrario de que se xustifique:

- Gasto polo 100% aboarase a totalidade da subvención.
- Gasto inferior ó 100% e, polo menos do 50% aboarase a parte proporcional da subvención.
- Gasto inferior ó 50% do presuposto subvencionado a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade ningunha.

A documentación remitida será a seguinte:

- a. Memoria que acredite a realización da actividade e o grao de cumprimento dos obxectivos, con indicación das actividades realizadas.
- b. Relación clasificada dos gastos realizados, asinada polo/pola secretario/secretaria da entidade, co visto e prace do seu/súa presidente/a e con identificación dos/das acredores/as (nome da empresa e CIF ou, de ser o caso, nome, apelidos completos e NIF), dos conceptos de gasto (finalidade, nº de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión), e data de pagamento. Para cada gasto xustificado deberá quedar claramente descrito no campo de concepto a actividade específica para o que foi destinado. Para cada gasto xustificado deberá quedar claramente descrito no campo de concepto a actividade específica para o que foi destinado e a súa relación co obxecto da subvención.
- c. Xustificantes do gasto: facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa que acrediten os gastos realizados.

d. Xustificantes de pago: as facturas ou documentos xustificativos deben estar efectivamente pagados. A documentación que se require para acreditar o pago é a seguinte:

- Pagamento por transferencia: resgardo da transferencia realizada, emitido pola entidade financeira.

- Pagamento por domiciliación bancaria: resgardo da entidade financeira do débito na conta da entidade beneficiaria.

- Pagamento por cheque: copia do cheque emitido a nome do/a provedor/a acompañado de xustificante de cargo do mesmo na conta da entidade beneficiaria.

- No caso de que as facturas sexan pagadas en efectivo é preciso que sexa inferior os 1.000,00 euros, tal e como se esixe na lei e deben ser asinadas e cuñadas polo establecemento de facturación.

- No caso de gastos de persoal: deberase presentar a xustificación do pago das cotizacións á Seguridade Social, a xustificación do pagamento das retencións por concepto de IRPF e a xustificación do pago da nómina, a través de calquera das formas descritas nos apartados anteriores. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto inicial, e con carácter xeral non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

e. Certificados de estar ao día coa Seguridade Social, AEAT, ATRIGA, e Concello de Betanzos, ou autorización expresa, que se recolle no anexo de xustificación, para a obtención dos mesmos.

f. Declaración do secretario acreditando que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

g. Declaración formal das subvencións, axudas, ingresos ou recursos, de carácter público ou privado para esa mesma actividade, percibidos, con expresión da súa contía.

Declaración de todos os ingresos recibidos para o desenvolvemento da festa (cotas veciñais, colaboracións publicitarias, outras subvencións ou axudas recibidas, ou calquera outro tipo de ingreso recibido coa finalidade de financiar a festa obxecto da subvención).

h. Acreditación gráfica da colaboración do Concello de Betanzos.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, non teñan carácter de investimentos e se realicen do 6 de decembro do 2025 ao 5 de decembro de 2026.

Considéranse gastos subvencionables os que de xeito innegable respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a súa organización.

Os gastos xerais de funcionamento da entidade solicitante, entendendo que son necesarios para a realización do proxecto.

Non se inclúen como gastos subvencionables os bens inventariables, os de tipo financeiro, de asesoría xurídica, gastos notariais ou rexistrals e garantías bancarias. Pola contra si serán admitidos os gastos de seguros de RC ou de accidentes, necesarios para a organización de actividades

Non será considerado gasto subvencionable o importe do IVE nos casos en que a entidade estea obrigada a realizar declaración do citado imposto. As entidades exentas total ou parcialmente do pago deste imposto acreditarano mediante o certificado da axencia tributaria.

Non se admitirán como xustificantes os gastos en bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

outro produto considerado lesivo para a saúde.

7.- COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrência competitiva e será aprobada por resolución da alcaldía, e segundo o procedemento Concesión provisional/definitiva previsto nas bases desta convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión de valoración que estará composta por un mínimo de tres persoas que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. A dita comisión será nomeada por Decreto de Alcaldía e emitirá un informe motivado de concesión de acordo coa avaliación realizada.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

Quedarán excluídas aquelas solicitudes que non acaden un mínimo de 10 puntos. As entidades deberás achegar e falcitar toda a documentación necesaria para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes.

7.1- Valoración das solicitudes.

A selección das peticións e o importe das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, de acordo cos seguintes criterios e baremos, ata un total máximo de 100 puntos:.

1.- Desenvolvemento dunha programación festiva de calidade, con contidos variados dirixidos a persoas de todas as idades (máximo 50 puntos):



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- Por cada sesión vermú: 1 punto
 - Por cada sesión verbena (tarde/noite): 2 puntos
 - Por cada grupo/orquesta de 5 ou menos compoñentes: 1 punto
 - Por cada orquesta de 6 ou máis compoñentes: 2 puntos
 - Segundo o número de días de programación festiva: 1 punto polo primeiro día e 2 puntos por cada día a maiores.
 - Actividades tradicionais como alboradas, actuacións ou pasarrúas de música tradicional: 1 punto por cada actividade.
 - Actividades para maiores integradas no programa festivo: 2 puntos por cada actividade.
 - Actividades dirixidas ao público infantil e xuvenil como sesións de xogos, xincanas, probas deportivas, inchable, outras actividades recreativas: 2 puntos por cada actividade.
 - Actividades con contidos culturais, como programación de artistas con repertorio propio nas artes escénicas e musicais ou outros ámbitos artísticos: 3 puntos por cada proposta programada.
- 2.- O grado de antigüidade, conservación e mantemento das tradicións e festexos (máximo 40 puntos).
- Organización de festas patronais con continuidade, sostibles (puntuación por número de edicións):
- De 1 a 10 edicións: 10 puntos.
 - De 11 a 15 edicións: 15 puntos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

- De 16 a 20 edicións: 25 puntos.

- Máis de 21 edicións: 40 puntos.

3.- Representación mínima do 33% de mulleres na Xunta directiva: (Máximo 10 puntos).

- Menos de 33% : 0 puntos.

- Igual ou máis de 33%: 10 puntos.

8.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A resolución definitiva notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias que disporán de un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra dita resolución poderá interporse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

9.- PAGAMENTO

Na solicitude da subvención poderá solicitarse o pagamento anticipado do 80% da contía da axuda concedida. A solicitude do anticipo efectuarase de forma expresa no momento da solicitude.

No artigo 17.3 letra k) da Lei Xeral de Subvencións no que se recolle que a norma reguladora das bases de concesión das subvención concretará, como mínimo, os seguintes



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

extremos: *“k) Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios .”*

O igual que o artigo 34.4 do mesmo texto normativo que no seu tenor literal di: *“ (...) Tamén se poderán realizar pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.*

(...)

A realización de pagos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención. “

O réxime das garantías que teñan que constituír os beneficiarios ou as entidades colaboradoras establecerase regulamentariamente, tal e como se recolle no artigo 21 da Lei Xeral de Subvencións.

O artigo 45 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no referente a esixencia de garantías en pagos a conta ou anticipados, establece que *“ de acordo con o establecido no artigo 17 da Lei, cando as bases reguladoras contemplan a posibilidade de realizar pagos a conta ou anticipados, poderán establecer un réxime de garantías dos fondos entregados. “*

O importe da garantía debe constituírse segundo o recollido no artigo 46 da mesma regulación.

Conforme ao artigo 42.2 d) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para a concesión dos pagos anticipados, non se esixirá a presentación de garantías por parte das entidades beneficiarias das subvencións que teñan a condición de entidade non lucrativa.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

No caso de que se solicite o anticipo, o pago do 20 % restante, efectuarase á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes correspondentes, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento restante.

No caso de non solicitarse o anticipo, a totalidade da subvención, efectuarase á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes correspondentes, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento.

Para o cobro da subvención as entidades deberán achegar acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, mediante certificado expedido polos órganos competentes das ditas administracións. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

10.- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN

O dereito ao cobro da subvención perderase no caso de que non se xustifique o cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución definitiva, das obrigas recollidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no art. 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, Xeral de Subvención, ou na normativa aplicable. Esta situación suporá a obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

O dereito ao cobro da axuda concedida perderase, coa apertura dun expediente sancionador, nos seguintes casos:

Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

Non comunicar ao Concello de Betanzos a obtención doutras subvencións ou axudas para os mesmos conceptos subvencionados nesta convocatoria.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1,
15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Non comunicar ao Concello de Betanzos a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

Non xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións da subvención nin xustificar a realización da actividade e a finalidade subvencionadas.

Non permitir as actuacións de comprobación que precise o Concello de Betanzos, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar a Intervención Municipal, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas.

Non dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente comprobados, nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma".

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo caso o non disposto nestas bases seranlle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas. O igual que o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o seu regulamento así como a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.